



DEPORTIVO NARÓN, NOVO EQUIPO EN 3ª AUTONÓMICA. Co salón de actos ateigado de directivos do fútbol modesto ferrolán, desenvolveuse o pleniño informativo previo á asemblea da Federación Galega de Fútbol do 27 de xullo.

Ares, 11 de xullo de 2015

Pablo Prieto, coma representante da Federación Galega; Diego Batalla, secretario da Federación; Benjamín Anido, vicesecretario e Juan Carlos, responsable da xestión das licenzas, xunto ao delegado ferrolán, Manolo Mesa, mais Juan Varela, presidiron a mesa.

Tomou a palabra Pablo Prieto agradecendo a colaboración e dedicación dos directivos dos clubs e, a continuación, salientou tres temas: a intención de mellorar o funcionamento da Mutualidade de futbolistas e o mantemento das cotas; a elaboración dunha web federativa máis dinámica; e o labor de integración do fútbol sala.

Completou Manolo Mesa este punto, lembrando que desde o luns pola mañá haberá cursiños na delegación para aprender o uso da web federativa.

Continuou Benjamín Anido explicando o plan competitivo da temporada 2015-16, por categorías, do que recolleamos a información relevante para o Numancia:

2ª AUTONÓMICA, grupo 4º:

16 equipos:

Narón Balompé (descendido e pendente a súa participación da asemblea que celebrarán este luns)

Meirás (descendido)

Maniños (descendido)

G. Caranza

As Pontes B

Numancia

Ortigueira

Perlío

Narahío

Mandiá

San Mateo

Capela

Cariño

San Sadurniño

Somozas B (ascendido)

Valdoviño (ascendido)

Ascende o primeiro clasificado e promociona o segundo clasificado.

3ª AUTONÓMICA, grupo 5º: 8 equipos: Rosalía (Descendido) Estrella (Descendido) C ebarca (Descendido)

Barallobre

Moeche

Cabanas

Monfero

Deportivo Narón, club novo.

Ascenderían os dous primeiros clasificados.

De aceptarse a proposta que levará a nosa delegación á Asemblea Xeral da Federación Galega do 27 de xullo, e de non superar o número de 24 equipos, habería unha unificación dos

equipos de 2ª e 3ª autonómica, de modo que se dividirían en dous grupos de 12 equipos que disputarían unha primeira fase a un partido. Os seis primeiros de cada grupo formarían o grupo 4º, disputando unha liga a dobre volta. O resto dos equipos disputarían unha liga tamén a dobre volta. Ao remate da competición, os 24 equipos ordenaríanse desde o 1º ao 24º, de modo que sempre se podería activar unha 3ª autonómica, de houber máis de 24 equipos na seguinte temporada. Esta competición comezaría o 6 de setembro na súa primeira fase (liga a unha volta). A segunda fase comezaría o 22 de novembro e finalizaría o 8 de maio.

Seguindo o criterio da clasificación obtida na última temporada, os equipos dividiríanse en dous grupos, indo os equipos clasificados en postos pares para un grupo e os impares para o outro. Con esta proposta, os grupos quedarían así:

Grupo A: Narón, Maniños, As Pontes B, Ortigueira, Mandiá, Capela, San Sadurniño, Somozas B, Estrella, Barallobre, Cabanas e Deportivo Narón.

Grupo B: Meirás, G. Caranza, Numancia, Perlío, Narahío, San Mateo, Cariño, Valdoviño, Rosalía, Cebarca, Moeche e Monfero.

PRIMEIRA AUTONÓMICA XUVENIL. GRUPOS 4º e 5º: G. Caranza B (descendido) Portuários

As Pontes

Numancia

Ensanche

Eume

Narón

Perlío

Miño

Meirás

San Sadurniño

O Val B

Cariño

Cedeira

Neda

Ánimas

G. Mugardos

Portuarios B

Maniños

Ortigueira

Amistade Meirás

Deportivo Narón A

Deportivo Narón B.

23 equipos que se dividirán en dous grupos, comezando a primeira fase o 13 de setembro. Desta primeira competición a unha volta clasificaranse para as semifinais de copa os dous primeiros clasificados de cada grupo, mentres que os seis primeiros pasarán a formar parte do grupo 4º, comezando a liga a dúas voltas o 29 de novembro e rematando o 8 de maio. Os dous primeiros clasificados deste grupo 4º promocionan.

Os horarios oficiais son o sábado pola tarde ou o domingo pola mañá.

PRIMEIRA AUTONÓMICA CADETE. GRUPOS 3º e 4º: Eume (descendido) As Pontes
Portuarios

G. Caranza B

Narón

Ortigueira

Numancia

Meirás

O Val

Perlío

Cariño

Portuarios B

Ánimas

R. San Pedro

G. Mugar dos

Maniños

San Sadurniño

Miño

Amistade Meirás

O Freixo

Narón B

R. de Neda

Cedeira

Deportivo Narón A

Deportivo Narón B

25 ou 23 equipos (dependerá do que decida en asemblea o Narón) que se dividirán en dous grupos, comezando a primeira fase o 13 de setembro. Desta primeira competición a unha volta clasificaranse para as semifinais de copa os dous primeiros clasificados de cada grupo, mentres que os seis primeiros pasarán a formar parte do grupo 3º. Os dous primeiros clasificados deste grupo 3º promocionan.

Os horarios oficiais son o sábado pola mañá ou pola tarde.

PRIMEIRA AUTONÓMICA INFANTIL. GRUPOS 3º e 4º: Portuarios Eume R. Ferrol B
Narón

R. San Pedro

Amistade Meirás

G. Caranza B

R. de Neda

As Pontes

Ánimas

Numancia

Cedeira

Maniños

O Val

G. Caranza C

Miño

Perlío

Meirás

G. Mugaros

Cariño

San Sadurniño

Portuarios B

Ortigueira

E.F. R. Ferrol

Eeme B

Barallobre

Cebarca

Deportivo Narón A

Deportivo Narón B

29 equipos que se dividirán en tres grupos para disputar unha primeira fase que comezará o 13 de setembro.

A segunda fase constará de dous grupos: A (grupo 3º) formado por 12 equipos. Os dous primeiros clasificados promocionan.

E un grupo B no que estarán o resto dos equipos. Este grupo rematará a competición o 4 de xuño.

Os horarios oficiais serán o venres pola tarde (a partir das 19.00 h., se hai que desprazarse) e sábado, mañá ou tarde.